

ACTA NÚM. 11 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA SEIS DE XULLO DE 2015.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezaoito horas** do día **seis de xullo de 2015**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Dios Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona María Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Dona María José Tobar Quintanar.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.

Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dona Inmaculada Viña Carregal, **Interventora do Concello.**

Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, **Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

ORDE DO DÍA:

- 1. Proposta sobre a periodicidade das sesións do pleno da corporación.**
- 2. Proposta sobre creación e composición das comisións de informe, estudio e proposta, de carácter permanente e especial.**
- 3. Fixación de número de representantes no Consorcio, Auditorio, Mancomunidade e consellos sectoriais de actuación municipal.**
- 4. Réxime de indemnizacións e dedicacións exclusivas dos membros da corporación.**
- 5. Dar conta da constitución dos grupos políticos municipais.**
- 6. Dar conta da constitución da Xunta de Goberno, acordo de delegación de competencias da Xunta de Goberno e resolucións de nomeamento de membros da Xunta de Goberno, tenentes de alcalde e concellarías delegadas.**

Cumpriméntase así:

1. PROPOSTA SOBRE A PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO DA CORPORACIÓN.

Toma a palabra o **Sr.Alcalde Presidente**, e indica que na xunta de portavoces acordouse por unanimidade manter a proposta de que os plenos ordinarios sexan o primeiro luns de cada mes, pero no canto de comezar ás 18:00 horas, comecen ás 17:00 horas.

Propón pasar á rolda de intervencións, por se alguén ten algo que engadir neste asunto. Ao no intervir ninguén pásase a votar a proposta.

De conformidade coa proposta do Sr. Alcalde o pleno da corporación por unanimidade acorda que as sesións ordinarias do pleno teñan periodicidade mensual todos os meses do ano, agás o mes de agosto. Celebraranse o primeiro luns de cada mes, ás 17:00 horas.

2. PROPOSTA SOBRE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS DE INFORME, ESTUDIO E PROPOSTA, DE CARÁCTER PERMANENTE E ESPECIAL.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde Presidente** e explica que o punto número 2 ten que ver coa proposta sobre creación e composición das comisións de informe, estudo e proposta de carácter permanente e especial que teñen todos os grupos ao seu dispor. Refírese a que hai dúas emendas presentadas. Una por parte do Partido Popular e outra por parte do Partido Socialista.

No caso da emenda presentada polo Partido Popular solicítase que no canto de existir unha persoa por cada grupo en comisión con voto ponderado, sexan dúas persoas. Na do Partido Socialista recóllese literalmente o regulamento desta corporación, para recoñecer tamén o carácter da Xunta de portavoces como comisión especial.

Indica que é vontade do grupo de goberno recoller as dúas emendas, engadilas ao texto orixinal para evitar tres debates e a votación por separado, agás que alguén queira defender o texto orixinal. Por se alguén quere clarificar o sentido da súa emenda ou facer algún tipo de acotación, propón iniciar o turno de intervencións.

Toma a palabra o **Sr. Cela Díaz concelleiro do grupo municipal do BNG.**

Comenta que entende que a proposta contén as dúas emendas, tanto no que ten que ver coa acotación das comisións e co recoñecemento da xunta de portavoces como comisión especial, como no relativo a que cada grupo terá dous representantes concelleiros/as e se manterá a cuestión do voto ponderado.

O pleno da corporación vista a proposta da alcaldía e máis as emendas presentadas polos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE, por unanimidade acorda a creación e a composición das comisións de informe, estudo e proposta de carácter permanente e especial que a seguir se indican:

Comisión de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas. Estará composta por dúas ou dous concelleiras/os de cada un dos grupos municipais da

corporación. O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representación proporcional que cada grupo ten no pleno municipal.

Comisión de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos. Estará composta por dúas ou dous concelleiras/os de cada un dos grupos municipais da corporación. O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representación proporcional que cada grupo ten no pleno municipal.

Comisión da área social e cultura. Estará composta por dous ou dúas concelleiras/os de cada un dos grupos municipais da corporación. O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representación proporcional que cada grupo ten no pleno municipal.

Comisión de participación, igualdade e transparencia. Estará composta por dous ou dúas concelleiras/os de cada un dos grupos municipais da corporación. O voto de cada concelleiro/a será ponderado segundo a representación proporcional que cada grupo ten no pleno municipal.

Comisión especial de suxestións e reclamacións. Estará composta por dous ou dúas concelleiras/os de cada un dos grupos municipais da corporación. O voto de cada concelleira/o será ponderado segundo a representación proporcional que cada grupo ten no pleno municipal.

A Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e especial de Contas entenderá de todos aqueles asuntos que non estean comprendidos expresamente no ámbito das outras comisións.

Poderanse constituír comisións especiais para o estudo de diversas materias e baixo a presidencia do Alcalde que estarán formadas, salvo disposición en contra, por un concelleiro de cada un dos grupos municipais da corporación. O voto de cada concelleiro será ponderado segundo a representación proporcional que cada grupo ten no pleno municipal.

Na súa reunión de constitución, as comisións tanto informativas como especiais, elixirán ao seu Presidente efectivo e fixarán o calendario de reunións. As comisións informativas reuniránse en sesión ordinaria polo menos unha vez ao mes e o día será fixado pola propia comisión.

Tamén se constituirá a **xunta de voceiros** como **comisión especial** presidida polo Alcalde e composta polos voceiros de cada un dos grupos municipais.

3. FIXACIÓN DE NÚMERO DE REPRESENTANTES NO CONSORCIO, AUDITORIO, MANCOMUNIDADE E CONSELLOS SECTORIAIS DE ACTUACIÓN MUNICIPAL.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde Presidente** e explica que na xunta de portavoces introducíronse tamén dúas matizacións, sobre esta cuestión.

En primeiro lugar, na proposta vai que no Consorcio da cidade de Santiago formarán parte o alcalde-presidente do Concello de Santiago de Compostela, e como vogais os portavoces dos grupos da oposición. Fíxose constar por parte dalgún dos portavoces dos grupos que nestes momentos hai un límite máximo que permitiría ter presenza ao alcalde e a dous dos tres portavoces dos grupos. Di que existe a vontade de solicitar unha modificación estatutaria e namentres non sexa posible viabilizala, o terceiro dos grupos por peso específico e representación, o BNG, quedaría co rol de grupo convidado ata que non haxa esa modificación estatutaria.

Logo plantexouse un debate sobre se a Mancomunidade da Comarca de Compostela está nestes momentos extinta, por dicilo dalgunha maneira, ao non terse acollido a unha serie de requisitos. Solicitada información verbal ao secretario, contestou que formalmente non o está, pero aínda así, o que se fixo, tentando de recoller a proposta dos portavoces, foi retirar o que ten que ver coa Mancomunidade ata clarexar e estudar se verdadeiramente está extinta ou non.

En consecuencia dende alcaldía recollendo as aportacións da Xunta de Portavoces, propoñen que no Consorcio de Santiago formen parte o alcalde-presidente do Concello de Santiago de Compostela, e como vogais os portavoces dos grupos da oposición, do Partido Popular e do Partido Socialista. Engade que mentres que non sexa posible unha modificación estatutaria para engadir ao portavoz do BNG, éste participara nas xuntanzas do Consorcio por convite.

No caso do Consello da Capitalidade, Consellos Económicos e Social, e consellos sectoriais a representación será a establecida nos respectivos regulamentos.

Antes do comezo do debate pido a palabra e digo que o Consello da Capitalidade ten unha regulación pola Lei da Capitalidade.

A seguir, intervén **Don Rubén Cela Díaz, concelleiro do grupo municipal do BNG.**

Di que dende o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego lamentan que teñan que estar a desenvolver esta tarde, este pleno de organización, cando terían marxe formalmente ata o día 13 para realizalo e para cumprir cos prazos establecidos

reglamentariamente, sen que se chegase previamente a un acordo de mínimos, no ámbito da xunta de portavoces.

Recoñece que houbo un espazo amplo para o diálogo. Esta mañá celebrouse a cuarta das reunións da xunta de portavoces, e ademais desas reunións da xunta de portavoces, houbo posibilidade de ter encontros bilaterais co propio alcalde e cos diferentes portavoces dos grupos municipais. Ao respecto opina que o espazo para o diálogo non é o problema, pois o diálogo sempre é positivo. Di que oxalá houbese máis diálogo, tamén nos casos nos que hai maiorías absolutas, porque de seguro que iso sería bo para todos e para todas.

Continúa a dicir que no caso dun goberno que está en minoría, que accede a ese goberno de xeito absolutamente lexítimo e incontestable, o diálogo é unha condición necesaria, pero non unha condición suficiente. É obrigado chegar a puntos de entendemento, é obrigado chegar a consensos, e é obrigado chegar a acordos que posibiliten viabilizar unha serie de medidas, unha serie de actuacións que son imprescindibles para o normal funcionamento da institución e da cidade, e polo tanto, non contribuír nin a paralizar o concello, nin a ralentizar o funcionamento da institución.

Nese sentido di que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, tenta pór a máxima das vontades posibles en chegar a un acordo conxunto da corporación a respecto de cómo se debe organizar o concello nos vindeiros catro anos e o fai convencido de que é unha cuestión non menor, sobre todo tendo en conta como foron os últimos catro anos vividos neste concello.

Se o pleno de organización é un pleno moi importante en calquera corporación municipal, nesta de Santiago, despois dos catro anos que viviron, ten unha importancia moi superior. Considera positivo que hoxe deste pleno saíse unha mensaxe ao conxunto da veciñanza de Santiago de recuperación da normalidade institucional e de certa estabilidade no normal funcionamento desta institución.

Dí que eles acudiron ás reunións coa máxima das vontades, e tentaron plasmalo en non pór liñas vermellas, non pór condicións absolutamente indiscutibles para o seu grupo, en aras a ter un criterio flexible que favorecera atopar puntos de encontro. Fixérono respectando escrupulosamente o acordo desas propias xuntanzas mantendo os debates que alí tiveron, exclusivamente, no ámbito da xunta de portavoces, en aras de crear un clima de confianza mutuo mínimo que permitira ese achegamento de posicións. Asistiron con humildade e con modestia, sabendo o papel que lles toca xogar neste proceso como a forza política co menor apoio electoral das que teñen representación nesta corporación. Neste sentido di que non lles toca a eles abandeirar ou liderar ese proceso. Non entanto, fixeron unha serie de achegas, algunhas moi concretas, como a

que ven de comentar o alcalde; outras, moito máis amplas, ou de interpretación política máis xenérica, todas elas con catro premisas:

Unha que debería abordarse todo este proceso nunha única unidade, nun único conxunto.

Unha segunda que o goberno tiña que ter os recursos económicos, humanos e materiais para poder desenvolver con normalidade a súa función de goberno.

Que a oposición tiña que ter os recursos económicos, humanos, materiais e de información para poder desenvolver con normalidade a súa función, na dobre vertente de fiscalización da acción de goberno e propositiva, e que hai que respectar, tanto nos puntos anteriores, como no que ten que ver coa representación deste concello nos diferentes organismos e comisións.

Nese sentido dí que a eles o que se lles plantexa hoxe está nuns termos que son inasumibles, por como están formulados. Fundamentalmente porque a proposta que trae hoxe o grupo de goberno incumpre o primeiro dos acordos ao que se chegou referido a que se tratan como sempre se fixo neste concello dun xeito conxunto todos os aspectos que teñen que ver coa organización de concello. Neste caso entenden que só así se cumpre coa máxima de propiciar a participación e afondar na democracia.

Continúa a dicir que para o seu grupo foi unha sorpresa comprobar cando recibiron a convocatoria deste pleno, que non aparecían dous puntos que para eles eran absolutamente indispensables, e que en todo momento estiveron enriba da mesa nas xuntas de portavoces: a fixación do número, retribucións e características do persoal eventual, e o nomeamento de representantes en diferentes organismos supramunicipais, organismos autónomos, fundacións, empresas públicas, sociedade mixtas, e diferentes consellos sectoriais.

Por primeira vez na historia deste concello, lles plantexan a posibilidade de aprobar eses dous puntos, non no pleno, senón na xunta de goberno. Certo é que a lei faculta ao alcalde para facelo, máis que a lei o ampare, non quere dicir que sexa o correcto, nin o desexable, pois a lei tamén ampara aos desafuizadores e non por iso este concello debe amparar os desafuizamentos.

Sinala que desde seu punto de vista, tomar esa decisión política é un tremendo erro, que non se cometeu con anterioridade. Por facer un pouco de memoria, di que o Partido Popular a nivel do Estado, co que o Bloque Nacionalista Galego sempre estivo radicalmente en contra, encamiñou cara unhas corporacións municipais cada vez máis presidencialistas, onde se lles outorga cada vez máis poderes ao alcalde ou alcaldesa e á xunta de goberno en detrimento do pleno, ata o punto de que un orzamento se poida

aprobar na xunta de goberno, sen ter nin sequera os apoios suficientes nun pleno; nunha liña claramente non democrática e non transparente.

O que lles resulta chocante é que unha formación política como a que actualmente está a gobernar neste concello, faga uso destes resortes, máximo cando un dos seus compromisos eleitorais é textualmente: “o de recuperar a centralidade do pleno como órgano de decisión”.

A eles parécelle curioso este xeito de recuperar a centralidade do pleno, cando a primeira decisión que toman é que algo que sempre se debateu en pleno, deixe de facerse no pleno, e se poida aprobar de xeito unilateral na xunta de goberno. Por ese motivo solicita que estes puntos 3 e 4 se retiren da orde do día, se volva a convocar a xunta de portavoces, se retome o proceso de negociación, e volvan ao pleno de organización, nunha proposta conxunta.

Remata dicindo que no caso de que non se atenda á súa petición veranse na obriga de votar en contra, por unha cuestión, tanto de procedemento, como de contido principal como é a participación, o diálogo o consenso e a democracia real.

Toma a palabra o Sr. **Reyes Santiás, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Pensa que despois das diferentes reunións que tiveron na xunta de voceiros e nas que se estivo traballando para acadar a posibilidade de chegar a un acordo de cara a este pleno de organización, a expectativa era que se aportara ao pleno unha proposta de resolución que incorporase todos os entes instrumentais, dependentes do Concello de Santiago, e aqueles nos que o Concello de Santiago participa.

Sinala que no punto da orde do día se incorpora o Auditorio, que non aparece na proposta de resolución, na que tamén están ausentes entes instrumentais, como Tussa, Incolsa, Mercagalicia, Xade ou a Mesa de Comercio.

A proposta do grupo municipal do PSdeG-PSOE de Compostela neste punto é que o grupo de goberno retire este punto da orde do día, para explorar espazos de consenso e se traia a unha nova sesión unha proposta de resolución elaborada co conxunto dos entes instrumentais referidos e consensuada cos catro grupos políticos con representación na actual corporación.

Di esta posición é claramente respectuosa co disposto no artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, harmonizado co artigo 78 do mesmo texto legal.

Claramente, para o grupo socialista que non se traía por primeira vez dende 1978 o conxunto dos entes instrumentais para aprobación do pleno é a modificación dunha tendencia para eles democrática que sempre estivo presente nos plenos de organización deste concello.

Remata dicindo que no caso de que o grupo de goberno non retire este punto da orde do día, o sentido do voto do grupo municipal socialista vai ser desfavorable a este punto.

Toma a palabra ao **Sr. Agustín Hernández, concelleiro do grupo municipal do PP.**

Comeza dicindo que despois de catro xuntanzas que tiveron da xunta de portavoces o grupo popular ven a manifestar diversas cuestións falando dos puntos 3 e 4, conxuntamente.

Cree que non hai base para un acordo nestes dous puntos, porque o grupo de goberno, o grupo de Compostela Aberta, non foi quen de poñer enriba da mesa en ningunha das reunións, unha proposta que acadara o necesario e imprescindible consenso.

A proposta do grupo de goberno deixa ao marxe cuestións tan importantes como o reparto de representantes municipais en organismos e entidades nas que ten participación o concello. Nese sentido lembra que o acordo de constitución da corporación do ano 2011 establecía a composición da fundación refuxio de animais, consello asesor de condecoracións, da comisión provincial de saneamento, da comisión de escolarización, da comisión de patrimonio histórico-artístico, da sociedade cursos internacionais, da fundación galega para o deporte, da fundación Compostela Deporte, das fundacións Eugenio Granell, Museo do Pobo Galego, Torrente Ballester, síndrome de down, Consorcio da cidade de Santiago -que si está recollido- a Mancomunidad da comarca de Compostela, o Consello da Capitalidade e por suposto os diferentes consellos de administración, Mercagalia, e o Auditorio de Galicia, que a pesar de estar reflectido no texto da proposta, non aparece no texto da mesma, e por suposto, Uninova e Xade.

Polo tanto, falta todo o elenco de sociedades e de representacións que na súa opinión teñen que estar recollidos neste acordo.

Tamén deixa ao marxe cuestións do reparto do persoal de apoio que é imprescindible para o normal funcionamento, tanto do grupo de goberno e da propia alcaldía, como dos grupos da oposición.

Sinala tamén que presentan un reparto de dedicacións exclusivas que non é razoable, nin aceptable, posto que non é proporcional e non só non é proporcional entre o grupo

de goberno e os grupos da oposición, senón que tampouco é proporcional na propia oposición municipal.

Compostela Aberta, fala de espazos para o consenso, leva falando diso dende que chegou ao goberno municipal, pero non fai gala en absoluto dese diálogo, cando ten que pasar das verbas aos feitos.

Tampouco fai gala de transparencia, non levando ao pleno cuestións relevantes na organización do concello, posto que as dedicacións exclusivas, non é nada máis que unha pequena parte do que é imprescindible e necesario para poder realizar cada un de eles, o seu traballo.

Continúa a dicir que o Partido Popular segue aberto a acordos e teñen unha postura razoable que cree que quedou recollida nas diferentes xuntanzas da xunta de portavoces.

Di que entenden que Compostela Aberta debe contar cos medios necesarios para gobernar e considera que é posible atopar unha distribución de medios respectuosa coa proporcionalidade dos grupos, que teña en conta esa realidade de discriminación positiva para o goberno e que tamén conteña o gasto. Neste sentido di que o grupo de goberno ten propostas feitas nesa liña feitas polo Partido Popular.

Polo tanto pide que Compostela Aberta recapacite e retire estes dous puntos da orde do día, porque no caso contrario o Partido Popular vai votar en contra deles.

Reitera que o grupo de goberno ten enriba da mesa propostas que cree que poderían concitar o necesario consenso.

Xa entrando polo miúdo nalgúñas cuestións, di que a redacción da proposta tamén é claramente deficiente no aspecto técnico como quedou recollido esta mañá na xunta de portavoces. Non é posible vincular as dedicacións coas delegacións, iso podería xerar un problema no futuro. Tampouco se debe falar de remuneracións netas, xa que non habería forma de saber cal é o custo exacto para o concello. Non entanto podería facerse unha referencia á remuneración neta que significa unha determinada remuneración bruta, especificando o tipo de retención. Engade que o Auditorio non aparece recollido no texto da proposta.

Di que eles teñen entendido a mensaxe da cidadanía. A cidadanía decidiu dar 458 votos máis a Compostela Aberta que ao Partido Popular. Polo tanto, Compostela Aberta debe levar a iniciativa para organizar este mandato municipal. Recoñece que cando a xente vota, non determina se a xente que vai ocupar determinados postos está nese posto xa coa lección aprendida, ou non está coa lección aprendida.

Opina que nesta vida hai que chegar aos sitios coa lección aprendida, pero en todo caso, cómpre ser responsable, recibir leccións, aprender e saber o que ten que facer cada un no seu posto. Cree que esa foi a decisión que adoptou o señor alcalde co seu grupo, polo tanto, dálle parabéns por ela.

Non entanto matiza que tamén é importante atopar bos profesores. Neste sentido opina que aínda non progresaron axeitadamente, que é o que marca a fórmula utilizada na escola PA, CA non acadou o PA, é dicir, Compostela Aberta aínda non progresou axeitadamente.

Aclara que na opinión do grupo maioritario da oposición están a suspender este primeiro exame e di que non pasa nada. Pero agora xa non hai exames de setembro, o exame de recuperación é posible facelo en xullo. Está certo de que haberá novas oportunidades, polo tanto, o que deben de facer, en opinión do grupo maioritario da oposición é seguir traballando e utilizar as ferramentas coas que contan, analizar as propostas que están enriba da mesa, en definitiva traballar, atopar unha alternativa e presentar esa alternativa nun novo pleno. Haberá posibilidades de atopar un punto de encontro e está seguro que ao final será mellor para este concello e mellor para este mandato.

Toma a palabra a Sra. Lois González, concelleira do grupo municipal do CA e delegada de Área de Igualdade.

Indica que non necesitan dende o grupo de Compostela Aberta, ningunha lección de paternalismo popular cara ao seu proceso de aprendizaxe institucional. Tamén di que é certo que levan pouco tempo nesta nova encomenda, pero teñen unha gran responsabilidade e compromiso con esta cidade, e por iso hoxe traen a este pleno, cales son as razóns das dificultades que lles levan con responsabilidade a plantexar estas propostas.

Di que en primeiro lugar é importante que a cidadanía, que os/as cidadáns saiban cal foi a oferta que se fixo ao conxunto dos grupos da oposición, e cal é o percorrido histórico neste concello, tanto dende o punto de vista da adxudicación de exclusivas para o goberno e a oposición, como dende o punto de vista das porcentaxes e papel outorgado por parte dos diferentes gobernos en materia de persoal eventual.

Di que de lembrar como funcionaron outros gobernos, tanto do Partido Popular, como o goberno conformado polo bipartito entre o Partido Socialista con Bugallo e o BNG, poderían estar ante unha situación de gran indignación por parte da oposición, porque están a ofrecer algo innegociable, inflexible, algo que é froito da obcecación ou da inexperiencia e non foi así.

Explica que na primeira das xuntanzas, tiveron que subliñar que foi unha oferta, unha proposta, na que levaron conxuntamente unha valoración do reparto tanto das exclusivas, como do persoal eventual. É dicir, que en ningún momento foi vontade de Compostela Aberta facilitar por separado ese tipo de negociación.

Tamén di que chegada a cuarta reunión da xunta de portavoces e vendo que os avances foron escasos, e a vontade política da oposición, practicamente irrelevante ou pouco substantiva, decidiron presentar as propostas ante un posible bloqueo a poder negociar noutro ámbito, noutro espazo, o persoal eventual.

É importante saber que a oferta que fai Compostela Aberta, dende o punto de vista das dedicacións exclusivas, ten porcentaxes historicamente nunca vistos antes no goberno de Santiago de Compostela. Ofreceu na primeira reunión un 31% de porcentaxe de exclusivas para os grupos da oposición, fronte aos anteriores gobernos. O anterior goberno do Partido Popular que ofreceu tan só un 21,5%; e entre o BNG e o PSOE no goberno 2007-2011. A atribución en porcentaxe de exclusivas para o grupo da oposición que nese caso era o Partido Popular, tan só foi do 18%. Eran 11 concelleiros/as do PP e ese bipartito concedeulles tan só 3 postos en dedicación exclusiva.

É importante saber iso, porque o exercicio de xenerosidade do CA, radica precisamente nesa primeira oferta, na que parece que ningún grupo da oposición reparou. Non só hai exercicio de vontade de avanzar cara a unha maior proporcionalidade no ámbito exclusivas, senón tamén no que atinxe ao persoal eventual.

Lembra as porcentaxes que ofreceron dende a primeira reunión, de persoal eventual para os grupos da oposición que ascendía ao 38,5%. Sinala que o persoal eventual concedido polo goberno popular no anterior goberno, no caso do Partido Popular era dun 27%, mentres Compostela Aberta ofrece o 38%. No caso do BNG e Partido Socialista fala dun 20%.

Continúa a dicir que con toda a honestidade e responsabilidade por parte do grupo de Compostela Aberta, resulta obsceno ou absolutamente inxusto que pensen que levan unha oferta pechada, inflexible, e que non atende a criterios responsables e democráticos de proporcionalidade.

Dito isto a proporcionalidade ten que combinar con criterios políticos e de responsabilidade de goberno.

A responsabilidade de calquera grupo de goberno, neste caso en minoría é poder facilitar a acción de goberno. Polo tanto, fala dunha ponderación desa

proporcionalidade. Isto é importante que o saiban as cidadás e os cidadáns de Compostela.

A parte destes pasos e desta oferta que non foi suficiente, tanto para o Partido Popular, como para o Partido Socialista, avanzouse tamén en aspectos importantes que tiñan que ver coas negociacións dos niveis salariais dos concelleiros e das concelleiras. Na primeira das catro nas que se sentaron os grupos, falou-se da posibilidade de facer unha figura salarial equivalente ao A 24 coa posibilidade de mudala cara a un A 26. Froito das conversas e froito da vocación de consenso e achegamento, Compostela Aberta asumiu unha proposta de encontro, de conciliación dos salarios das concelleiras e dos concelleiros de consenso co resto dos grupos, pero parece que iso tampouco foi suficiente.

Tampouco parece que os grupos da oposición valoren a aceptación que por parte de Compostela Aberta se fixo sobre a presenza de máis dun membro dos grupos nos diferentes órganos, nin parece suficiente que aceptase as emendas para cambiar o horario do pleno, nin as outras emendas propostas polos grupos. Eles débense á cidadanía de Compostela e débense ás súas liñas vermellas, e ao seu código ético.

O número de exclusivas está en sintonía, e en sensibilidade cun compromiso de aforro. Cre que estes números, estas porcentaxes, retratan con maior claridade este cambio, e a pregunta que eles fan dende Compostela Aberta é por qué se cando gobernaba o Partido Popular, ou cando gobernou o Partido Socialista co BNG valían esas regras, por qué agora esas regras non valen.

Curiosamente e de maneira unánime todos os representantes dos grupos da oposición hoxe séntanse no pleno para criticar abertamente a Compostela Aberta alegando a actitude inflexible ou non negociada, ou sen vontade de consenso.

Houbo dende o primeiro momento vontade de consenso, hai grandes avances respecto aos gobernos anteriores. Sucede que queren cambiar as regras que funcionaron con matices de maneira diferente, pero nunha lóxica que non se corresponde coa que hoxe aquí están a escoitar.

Di que por responsabilidade e por compromiso traen esta proposta, porque levan moitas semanas traballando todos e todas para que o concello funcione, para que poidan acoller todos estes elementos importantes da xestión local e municipal que lles fan levar a cabo moitas veces catorce horas aos que están aquí sentados.

As traen para que a cidadanía coñeza abertamente cales son as diferenzas importantes que se están establecendo entre a súa proposta e última proposta. Cre que é importante lembrar a todos os grupos da oposición que en termos de dedicacións exclusivas

Compostela Aberta tan só plantexa un 67% para o goberno, e un 33% de atribucións para os grupos da oposición, unha terceira parte. Ao respecto di que non é unha oferta inflexible, nin non democrática, nin que negue a posibilidade de exercicio lexítimo do papel dos grupos da oposición.

Rematando propón manter esta proposta, porque é responsabilidade de Compostela Aberta cara á cidade, cara aos cidadáns e cidadás, que coñezan o seu compromiso firme en normalizar o goberno e a actividade do goberno en Compostela.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde Presidente.**

Clarexa que aínda que algún dos portavoces, incluída a portavoz de Compostela está empregar estas quendas para tratar globalmente os puntos 3 e 4, os puntos vanse tratar de maneira diferenciada e as votacións, tamén, e que en cada punto hai dúas quendas de intervención.

Pregúntame a seguir cal é o tempo para a segunda quenda.

Pido a palabra e contéstolle que son cinco minutos.

Toma a palabra o **Sr. Cela Díaz, concelleiro do grupo municipal do BNG.**

Reitera que xa comentou na primeira intervención, que por parte do seu grupo sempre houbo unha vontade e segue habela, de poder chegar a un acordo, porque entende que sería positivo para o conxunto de Compostela. Clarexa que o que plantexou e segue a plantexar é unha cuestión de forma que ten que ver moito co fondo.

No tocante ao código ético de Compostela Aberta, di que é unha cousa absolutamente loable e tamén di que el é dos que non teñen ningún problema en dar a cara por xente que cumpre co seu programa electoral. Lembra un episodio recente respecto á posición de non asistir a actos relixiosos. Sobre iso di que todo o mundo coñecía cal era a proposta de Compostela Aberta en materia de laicidade, e considera que está non só no seu dereito, senón absolutamente lexitimada para levar adiante as propostas que leva no seu programa electoral, pero matiza que deben ser todas.

Continúa a dicir que hai unha proposta, que lle parece moi correcta e que comparte do programa de Compostela Aberta, que é recuperar as atribucións deste pleno.

Considera que os grandes debates deste concello teñen que darse aquí, non na xunta de goberno. Di que a lei permite iso, pero lembra que fai catro anos discutiu aquí co partido do goberno, cal era a representación en Incolsa, cal era a representación no Consorcio,

cal era a situación do persoal eventual, e considera que o correcto é facelo aquí, e di que é unha cuestión que non é en absoluto menor.

En calquera caso polo bo funcionamento deste concello, polo ben do goberno, polo ben de Santiago, sería imprescindible, chegar a un acordo de mínimos. Considera que se pode chegar a unha situación razoable onde o concello abarate en custos no ámbito da súa organización, e se poidan dedicar a outro tipo de fins, e tamén que iso se pode compaxinar cun criterio de pluralidade respecto á conformación da corporación, e que pode haber un consenso bastante amplo nese sentido.

Rematando di que eles están dispostos a traballar por iso e de non ser posible, a lei faculta outros mecanismos. En calquera caso, a predisposición do grupo do BNG en chegar a un acordo e a un entendemento estivo presente en todo proceso de negociación e di que seguirá no futuro.

Toma a palabra o Sr. Reyes Santiás, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

Clarexa que cando cheguen ao punto 4º amosarán a súa posición. De momento referirase a determinadas cuestións con respecto ao punto 3º. Indica verbo da composición dos entes instrumentais que todos eles se trataron no pleno polos gobernos presididos no seu momento por Xerardo Estévez, Xosé Antonio Sánchez Bugallo, e tamén polo goberno do Partido Popular, e no seu momento, da extinta UCD. Polo tanto, claramente a tradición democrática neste concello é traer o conxunto dos entes instrumentais a súa valoración, debate, discusión á aprobación do pleno da corporación.

A segunda cuestión que quere clarificar é que polo que ten escoitado, parece ser que este punto 3º vai ser rexeitado no seu contido actual non só polo Partido Popular e o Partido Socialista, senón tamén polo Bloque Nacionalista Galego.

Con respecto á aceptación das emendas que se fixeron concretamente para o punto 2, que eles dende logo valoran, e que a corporación no seu conxunto valorou ata o punto de que foron aprobadas por unanimidade, di que a súa vontade é que os outros puntos poidan ser tamén aprobados por unanimidade nunha próxima sesión na que se trate o tema da organización.

Por último quere salientar que existe unha clara diferenza nos gobernos presididos, por Xerardo Estévez e por Xosé Antonio Sánchez Bugallo, e tamén polo goberno do Partido Popular, porque en todos eles, ben fora polo resultado das urnas directamente, ou ben fora por un acordo de goberno e polo tanto un goberno de coalición, a situación era de maioría absoluta, e a pesar diso, trouxeron ao pleno, a aprobación do conxunto dos entes instrumentais.

Toma a palabra o **Sr. Hernández concelleiro do grupo municipal do PP.**

Entrando no punto 3º di que dá a sensación de que a portavoz de Compostela Aberta, non escoitou a ningún dos grupos da oposición, porque o seu rexeitamento non o está tanto no número de concelleiros, senón no escaso número de entes que presentan no pleno. Por unha cuestión de transparencia, consideran que como sempre, a totalidade da representación do concello nos diferentes entes e sociedades debería traerse ao pleno. Entenden que é unha cuestión que debería plantexarse no seu conxunto, e por iso fai esta observación.

Di que cando falen do punto 4º, indicará que non é posible facer as comparacións, posto que a corporación agora ten catro grupos e antes tiña tres.

En calquera caso di que a proposta é inaceptable para o Partido Popular, e repite que votarán en contra do punto 3º.

Toma a palabra a **Sra. Lois González, concelleira do grupo municipal do CA e delegada de Área de Igualdade.**

Comeza dicindo que están seguros de que máis pronto que tarde, poderán chegar a ese acordo, pero matiza que eses consensos e acordos, teñen que ser sen imposicións, sen que Compostela Aberta sinta que hai unha certa imposición de cara ás ofertas que aquí plantexou.

En relación ao número de entes que trouxeron, reconece que tal vez, sería máis positivo traer o conxunto deles, pero tendo en conta as dificultades que tiveron estes días no marco das negociacións, nesas catro reunións dos portavoces dos grupos, optaron, non con fins estratéxicos ou maquiavélicos deixalos fóra, por dar o primeiro paso para ir poñéndose de acordo, consensuar, e seguir traéndoo se hai vontade de consenso e compromiso por parte de todos os grupos. Matiza que o compromiso debe ser non só por parte de Compostela Aberta, senón do conxunto dos grupos da oposición.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde Presidente.**

Comeza explicando que vai utilizar os seus cinco minutos, para puntualizar unha serie de cuestións que se dixeron.

No tocante á intervención de don Agustín Hernández e ás insinuacións respecto dos compañeiros e compañeiras de Compostela Aberta, cun toque excesivamente paternalista, clarexa que eles son excelentes profesionais, forman parte da cidadanía

activa, e por decisión dos veciños e veciñas de Santiago están aquí como representantes, son persoas absolutamente solventes e que é un luxo telos dentro do equipo.

Se quere trivializar o feito de que ninguén nace aprendido verbo da dinámica institucional e de que cómpre ter coñecemento do funcionamento e procedementos administrativos, está no seu dereito. Non entanto matiza que mellor lle sería que tivesen tido en conta iso no anterior mandato corporativo, porque seguramente non terían pasado tantos concelleiros e concelleiras por esta corporación, e non se tería dado a imaxe que se deu.

Dille ao señor Hernández que non sabe se están no PA, pero o que si ten claro é que eles estiveron no antigo mandato.

Hai unha cuestión que Dona Marta non incluíu na súa intervención, o tema das asignacións a concelleiros e a grupos. Di que levaron unha proposta inicial de diminuír e decidiron mantela, porque foi unha proposta razoable.

Respecto da cuestión da contextualización, dirixíndose a Don Rubén Cela, di que cando se sesga a lectura, sen ter en conta o conxunto do contexto, se saca unha interpretación parcial. Neste sentido di que non hai vocación de poñerse apocalípticos, nin de detraer ao pleno elementos de debate, pois foi sempre vocación de Compostela Aberta levar o paquete completo de negociación.

Outra cousa é que cando se celebran catro xuntas de portavoces, en cando se ve que non hai posibilidade de acordo, o que se fai é un exercicio das competencias que están determinadas por lei nesta materia para a Xunta de Goberno. Clarexa que a vontade política debe formar parte dun espazo de acordo, pero non dun suicidio, nin dunha especie de sadomasoquismo, para o cal o grupo de CA non ten ningún tipo de vontade.

Retruca que a modificación de marco legal que permite aprobar en Xunta de Goberno é unha modificación impulsada polo Partido Popular e ademais é unha modificación dos últimos anos, polo que esta posibilidade de levalos á xunta de goberno non era posible, nin co goberno de Bugallo, nin co de Estévez. Engade que tampouco é vontade de CA se hai un espazo de consenso.

Se o consenso é asumir as posicións de determinados grupos na súa totalidade, iso non é consenso, senón cesión absoluta. Cree que un espazo de consenso é un espazo onde todos ceden das súas posicións. Nas xuntanzas houbo cesións sistemáticas, e había unha posición que devíña dunha filosofía de cambio de roles respecto a outros mandatos que era o tema da proporcionalidade, na diferenza entre responsabilidade de goberno e responsabilidade de oposición, e aí é onde hai un cambio.

Eles tentan de ser coherentes co espazo que imperaba nesta casa e concilialo co código ético de Compostela Aberta. Non lles importa asumir a derrota se así se clarifican as posicións. Hai días para seguir dialogando e di que seguirán dialogando independentemente de acordos plenarios ou non, pero o importante é fixar posicións e que a xente saiba que se non existe espazo de consenso, tamén pode haber alternativas democráticas que fagan contrapropostas, como se explicitou na xunta de portavoces. O contrario a xente non o vai entender, vai ser obstaculización por obstaculización. Di que incluso poden asumir alternativas que se fagan aínda que non as compartan, pero alomenos cada un fixa a súa posición e fai públicas as posicións que mantivo en xunta de portavoces.

Remata propoñendo votar a proposta.Recoñece que no enunciado había que retirar o Auditorio, deixando quedar a Mancomunidad para estudo, e mantendo as propostas do Consorcio nas condicións antes sinaladas e no Consello da Capitalidade coa acotación que fixo o señor secretario, consello económico e social, e consello sectoriais.

Rematada a quenda de intervencións, sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria**, ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 10 Grupo CA Votos en contra: 15 Grupo PP, Grupo Socialista, Grupo BNG Abstencións: 0
--

A proposta queda rexeitada.

4. RÉXIME DE INDEMNIZACIÓNS E DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Toma a palabra o **Sr.Alcalde Presidente**.

Apunta que sobre esta cuestión tamén se introducen unha serie de modificacións faladas na xunta de portavoces.Unha delas ten que ver con especificar en bruto, canto son os 36.000 euros netos. Ao respecto di, despois de facer unha consulta persoal, que aínda que está por determinar a cuestión exacta, pois depende de idade, fillos, etc., pero quedaría nuns 51.000 euros/brutos.

Respecto ás dedicacións dos/as concelleiros/as delegadas do grupo de goberno especifícase que serían un máximo de oito como foi acordado hoxe en xunta de portavoces, porque do contrario podería entenderse que a proposta está vencellada ás delegacións e non ao número de concelleiros/as.

A terceira cuestión que hoxe se falou en xunta de portavoces foi retirar o parágrafo 6 do punto 4, independentemente da cuestión da lei pública, entendíase que non estaba xustificado, e que formaba parte, por dicilo dalgunha maneira, dun corta e pega de propostas feitas noutros mandatos dentro do formato que se lles deu dende secretaría.

Dí que non vai pasar a facer unha defensa, polo miúdo, da proposta, pero indica que recolle unha dedicación do alcalde, 8 dedicacións aos concelleiros/as vencellados ao grupo de goberno, grupo A1 nivel 26; 2 adicacións tamén do mesmo nivel ao Partido Popular; 1 e media ao Partido Socialista, especificando que esa media estaría regulada en 24 horas/semana que tamén se pediu hoxe; e 1 adicación exclusiva para o terceiro grupo da oposición que é o BNG, todas elas do grupo A1 nivel 26.

Apunta que hai que ter en conta unha cuestión que considera que é importante. Sinala que esta proposta supón a dotación de inferiores recursos orzamentarios dos consignados no actual orzamento do ano 2015, e de adoptarse o acordo cumprirá remitir o expediente a intervención para os efectos da súa fiscalización.

Toma a palabra o **Sr. Reyes Santías, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

O grupo socialista entende que do contido das exposicións dos catro grupos realizadas ao longo das diferentes xuntanzas da xunta de voceiros a respecto deste tema do punto 4 da orde do día, se esperaba que o grupo de goberno fixese unha proposta que agrupara a cuestión dos recursos que necesitan tanto para desenvolver a acción do goberno, como para desenvolver, a acción da oposición, no referente a dedicacións exclusivas, persoal de apoio, incorporando o futuro das direccións de área na plantilla de persoal deste concello.

Ademais entenden que o grupo de goberno, debe seguir a explorar espazos de consenso, que probablemente non teñen sido aínda abordados, para traer nunha próxima sesión extraordinaria, unha proposta de resolución finalmente consensuada cos catro grupos que conforman a actual corporación.

Por iso, e do mesmo xeito que no punto anterior, propoñen ao grupo de goberno que retire este punto da orde do día e consensúe unha proposta acorde coa actual representación dos diferentes grupos políticos na corporación.

Por outra banda manifesta que concordan nalgunhas cousas con Compostela Aberta como por exemplo cando ésta fai referencia a un novo tempo. Ao o respecto di que é certo e polo tanto cómpre ter en conta cal é a actual configuración da corporación desta cidade.

Do mesmo xeito, concordan tamén, e pensa que ese é o sentir dos catro grupos que conforman esta corporación, en que a clave é o aforro, e que a clave é a exemplaridade que todos teñen que amosar respecto aos niveis de retribucións dos representantes públicos por elección democrática dos cidadáns e das cidadás.

Dentro do respecto institucional propoñen que se retire o punto da orde do día e que se exploren eses novos espazos. Respostando á voceira de Compostela di que el tamén está absolutamente convencido que van chegar a un acordo pronto, porque a vontade existe.

Insiste na retirada do punto da orde do día, e di que en caso contrario, o voto do grupo municipal socialista, vai ser en contra do punto 4.

Toma a palabra o **Sr. Agustín Hernández, concelleiro do grupo municipal do PP.**

Respecto da parte central da exposición da portavoz de Compostela Aberta, volve a reiterar que dá a sensación que non escoitaron o que se dixo dende os tres grupos da oposición. A parte das dedicacións, do persoal de confianza do grupo de goberno e da oposición, hai unha pequena parte do resto das cuestións que eles consideran que son peza clave para estar recollidas nun único acordo que permita iniciar o mandato con normalidade, e por iso, van rexeitar esta proposta do grupo de goberno no caso de que a manteñan.

Toma a palabra a **Sra. Lois González, concelleira do grupo municipal do CA e delegada de Área de Igualdade.**

Quere engadir algo respecto ao que veñen de indicar o señor Hernández e o señor Reyes. Considera que nesas catro xuntas houbo vontade tamén para chegar a acordos nas cuestións que non teñen que ver co persoal eventual e coas exclusivas, senón coa representación nos diferentes entes. Cree que ese non era un escollo. Non o trouxeron hoxe, non por cuestións que teñan que ver cunha estratexia política de desprazalas e invalidar a capacidade de debate no propio pleno, senón porque tiveron outras dificultades de calado importantes.

Cree que amosaron hoxe publicamente o seu compromiso de seguir avanzando nese consenso. Un consenso que como indicaba o alcalde, significa, que todas as partes tamén teñen que achegarse e ceder posicións, para finalmente, máis pronto que tarde, acadar un consenso e non unha imposición de consenso.

Toma a palabra o **Sr. Celia Díaz, concelleiro do grupo municipal do BNG.**

Opina que non só é posible, senón positivo e necesario, que nun espazo moi curto de tempo, sentándose con vontade e predisposición, se chegue a un punto de entendemento

que sexa razoable para todo o mundo e que cumpra cun criterio que non é menor, que é poder racionalizar o máximo posible o gasto en materia organizativa, sen facer diso tampouco un debate demagóxico que pode rozar o absurdo.

Opina que nos termos nos que se falou no marco da xunta de portavoces o foron razoables. Considera que o positivo será emprazarse canto antes e poder retomar nunha segunda sesión este pleno de organización, e na medida do posible, ofertarlle aos veciños e veciñas de Santiago un acordo global, plural, razoable, que sexa positivo para o grupo de goberno e para a oposición, porque así será positivo para Santiago de Compostela.

Toma a palabra **Agustín Hernández, concelleiro do grupo municipal do PP.**

En primeiro lugar quere deixar claro que o grupo de goberno ten dúas propostas alomenos viables do Partido Popular, do grupo maioritario da oposición, que significan aforros para esta casa, e polo tanto, merecen de ser analizadas convenientemente.

Quere deixar constancia tamén de que a actual proposta do grupo de goberno, claramente amosa inexactitudes e problemas técnicos que cando menos merecerían reflexionar ao respecto do seu contido. Non é xusta, nin equilibrada na relación entre o goberno e a oposición, senón na propia oposición, no número de dedicacións, nin tampouco o é no persoal eventual. Polo tanto eles non van votar a favor de algo que é manifestamente inxusto co Partido Popular de Galicia.

Toma a palabra a **Sra. Lois González, concelleira do grupo municipal do CA e delegada de Área de Igualdade.**

Reitera que traer hoxe aquí a proposta, con independencia de saber a priori, que podían atopar este rexeitamento conxunto do resto dos grupos, foi para amosar á cidadanía, aos cidadáns e cidadás cales foron as súas posicións, cal foi o seu exercicio, de xenerosidade, compromiso e responsabilidade para empezar a gobernar e ter o proceso xa en camiño canto antes. Foi polo tanto, unha necesidade de que a cidadanía, de que Compostela, saiba como foron os contidos desas reunións, e porque chegaron aquí. Tamén foi un exercicio de responsabilidade por parte de Compostela Aberta.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde Presidente.**

Di que queren deixar constancia dunha posición pública sendo conscientes de que aínda hai días para celebrar outro pleno extraordinario, de que hai vontade de traelo a un pleno extraordinario, e de que hai vontade, incluso, de chegar a consenso.

O consenso é unha cesión das partes. En todo caso esta corporación lexitimamente pode facer contrapropostas e defendelas publicamente e votalas, iso é algo que aquí ninguén nega. Está ben que queden uns días de marxe, pero todos e todas saben dentro dos grupos que poden estudarse outras fórmulas. Di que do xeito no que se mantiveron as conversas chegaron a unha posición límite. Verbo da modificación de posicións, pode haber outras fórmulas, pero hai dúas cuestións que para eles son fundamentais, unha é o código, que non lle afecta a esta corporación, pero a eles si como Compostela Aberta, e unha segunda cuestión que é o reparto de roles que existiu nesta casa. Houbo gobernos en maioría absoluta, e gobernos en minoría, como puido ser co exalcalde señor Bugallo, iso é así. Polo tanto estima que espazo de consenso hai. Non entanto sinala que non se lle pode pedir ao grupo de goberno que asuma unha proposta que non pode defender e asumir a proposta do resto dos grupos.

Se se desdramatiza o feito de que hoxe haxa un rexeitamento, tamén pode desdramatizase o feito de que cada quen defenda publicamente as súas contrapropostas, e as defenda no pleno da corporación.

O consenso é un obxectivo para o que todos e todas traballan, pero tampouco vai aquí a tutelizalo, nin a mitificalo. Tamén di que máis aló de facer un voto negativo, no caso de non atopar ese punto de encontro, pódense facer contrapropostas sempre que se teña en conta a consignación orzamentaria e a fiscalización por parte de intervención, e non pasa nada, porque o que non é xustificable é ter a unha oposición sen recursos nestes momentos e a un grupo de goberno con áreas repartidas e cunha carga de traballo elevada e con dobres xornadas laborais.

Do mesmo xeito que hai espazo de consenso, tamén hai vocación de traer ao pleno o conxunto das cuestións. O problema non foi a representación dos órganos, porque están todos e todas de acordo en que Compostela Aberta sempre defendeu a presenza do conxunto dos grupos municipais da corporación en todos os órganos que houbera.

O problema é cómo se entende o consenso aquí. Antes o señor Hernández falou de reválidas, pero aquí tamén houbo unha reválida que foi a cuestión democrática, e o reparto de roles, que hai que entendelo na súa xusta medida. Ao final dá sensación de que os que ceden, quedan cerca da asunción das posicións dos outros, pero tamén se trata de que todos e todas cedan porque senón non é diálogo, nin é consenso, é asunción, e non hai participación. Eles prefiren defender a súa posición, a pesar de que esta teña custos.

Rematada a quenda de intervencións, sometido o punto da orde do día a **votación ordinaria**, ten lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: 10 Grupo CA

Votos en contra: 15 Grupo PP, Grupo PSdeG-PSOE , Grupo BNG
Abstencións: 0

A proposta queda rexeitada.

5. DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Dáse conta dos escritos presentados polos grupos políticos municipais, para constitución de grupos municipais:

Grupo municipal de Compostela Aberta, cos seguintes integrantes:

DON MARTIÑO NORIEGA SÁNCHEZ
DONA MARÍA ROZAS PÉREZ
DON JORGE CARLOS DUARTE VÁZQUEZ
DONA BRANCA PETRA NOVO REY
DON XAN XESÚS DURO FERNÁNDEZ
DONA CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
DON MANUEL DIOS DIZ
DONA MARTA IRENE LOIS GONZÁLEZ
DON RAFAEL PEÑA VIDAL
DONA NOA MARÍA MORALES SÁNCHEZ

A persoa portavoz do grupo é: DNA. MARTA I. LOIS GONZÁLEZ.

As persoas portavoces suplentes serán todos os demais integrantes.

Grupo municipal Popular, cos seguintes integrantes:

DON AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS	PORTAVOZ
DONA MARÍA JOSÉ CASTRO CARBALLAL	PORTAVOZ SUPLENTE
DON ALEJANDRO SÁNCHEZ-BRUNETE VARELA	PORTAVOZ ADXUNTO
DONA MARÍA ÁNGELES ANTÓN VILASÁNCHEZ	PORTAVOZ ADX. SUPLENTE
DONA MARÍA JOSÉ CORRAL LÓPEZ	
DON MANUEL MARTÍNEZ VARELA	
DONA TERESA MARÍA GUTIÉRREZ LÓPEZ	
DONA MARÍA TERESA CANELO MÁRQUEZ	
DON CLAUDIO RICARDO MONTIEL CARRACEDO	

Grupo municipal Socialista, cos seguintes integrantes:

DON FRANCISCO REYES SANTIÁS	PORTAVOZ
DONA MARÍA TOBAR QUINTANAR	PORTAVOZ SUPLENTE

DON GONZALO MUÍÑOS SÁNCHEZ
DONA MILAGROS CASTRO SÁNCHEZ

PORTAVOZ SUPLENTE
PORTAVOZ SUPLENTE

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, cos seguintes integrantes:

RUBÉN CELA DÍAZ
GORETTI SANMARTÍN REI

PORTAVOZ
PORTAVOZ SUPLENTE

6. DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO, ACORDO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO E RESOLUCIÓN DE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO, TENENTES DE ALCALDE E CONCELLARÍAS DELEGADAS.

Dáse conta da acta de constitución da Xunta de Goberno que tivo lugar o día 17 de xuño de 2015.

Así mesmo, dáse conta do seguinte acordo da Xunta de Goberno na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 17 de xuño de 2015:

“NÚMERO 2 .- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

A Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela acorda aprobar a proposta da alcaldía de data 16 de xuño de 2015 relativa á delegación de competencias, que é do seguinte teor literal:

“Ao abeiro do disposto no artigo 127.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, proponho a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela:

DELEGAR as seguintes competencias nos concelleiros/as que se relacionan:

1.- A competencia de autorizar e dispoñer gastos, no marco das Bases de Execución do Orzamento, corresponderán ao Concelleira Delegada de Facenda, previa proposta vinculante dos seguintes concelleiros nas materias propias da súa delegación:

DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA.
DELEGADO DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE.
DELEGADA DE ACCIÓN CULTURAL.
DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA.
DELEGADA DE POLÍTICAS SOCIAIS, DIVERSIDADE E SAÚDE.
DELEGADO DE EDUCACIÓN E CIDADANÍA.
DELEGADA DE IGUALDADE, DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E TURISMO.

DELEGADO DE MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL.
DELEGADA DE MOCIDADE, DEPORTE E BENESTAR ANIMAL.

2.- A competencia sinalada no artigo 127.1.e) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, **no concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade**, coa excepción do outorgamento das licenzas de obras maiores.

- A competencia sinalada na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, no que respecta a concesións e autorizacións para o aproveitamento especial dos bens de dominio público así como o seu uso privativo, cando a ocupación se efectúe unicamente con instalacións desmontables ou bens mobles e cunha duración ou uso non superior a un ano, nos concelleiros delegados de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade e de Medio Ambiente e Convivencia, nas materias correspondentes as súas respectivas áreas de actividade e responsabilidade.

Así mesmo, no concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade:

- A competencia sancionadora en materia de infraccións que se cometan contra a Ordenanza reguladora das terrazas e quioscos de hostalería.
- A competencia sancionadora en materia de infraccións que se cometan contra a Ordenanza reguladora da publicidade e rotulación.
- De acordo co artigo 127.1.l) a competencia sancionadora en materia de infraccións da normativa de protección contra o ruído e contra a contaminación acústica, así como as infraccións que se cometan contra a Ordenanza xeral municipal, reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais ou normativa que a complementa ou substitúa.
- A competencia no que respecta ás autorizacións e cesión de uso de bens municipais outorgadas en precario nas materias correspondentes a súa respectiva área de actividade e responsabilidade, así como a competencia para formular solicitudes de cesións de bens a favor do Concello.

3.- A competencia na concesión de licenzas e autorizacións en materia do cemiterio municipal de Boisaca, no **concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia**.

4.- A competencia no outorgamento de licenzas para a tenza de animais potencialmente perigosos, no **concelleiro delegado de Mocidade, Deportes e Benestar animal**.

5.- Na **concelleira delegada de Economía e Facenda**, a competencia sinalada na letra g) do artigo 127.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, no

relativo ao desenvolvemento da xestión económica, incluíndose entre outras as que se indican de seguido:

- O recoñecemento dos dereitos xenerados no desenvolvemento da xestión económica.
- A xestión dos ingresos municipais que inclúe:
 - a) Aprobación de liquidacións e recibos, tanto de ingresos públicos como de dereito privado.
 - b) A súa anulación.
 - c) A resolución dos recursos que se presenten contra os mesmos.
 - d) A concesión de aprazamentos e fraccionamentos.
 - e) A resolución das peticións de suspensión dos procedementos de cobro.
 - f) A aprobación das devolucións de ingresos indebidos.
 - g) Os restantes actos en materia de xestión, liquidación, inspección e recadación municipal que non sexan competencia doutros órganos.
- A cancelación de Avais e Fianzas, dentro do ámbito da súa competencia.

E, así mesmo, nesta **concellaría de Economía e Facenda** deléganse as seguintes competencias:

- Nomeamento de persoal funcionario e laboral e o seu cese.
- A aprobación das bases de convocatoria de selección e provisión de postos de traballo do persoal funcionario e laboral.
- A declaración das situacións administrativas do persoal funcionario e laboral.
- As competencias relativas á xestión de persoal que se conteñen nas letras g) e h) do artigo 127.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, con excepción de:
 - A aprobación da relación de postos de traballo, das retribucións do Persoal, da Oferta de Emprego Público, da determinación do número e do réxime do Persoal eventual e da separación do servizo dos funcionarios.
 - A aprobación da realización de horas extraordinarias estruturais e as gratificacións por servizos extraordinarios efectuados fóra da xornada de traballo.
 - A distribución individualizada do complemento de produtividade.

6.- No concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, a concesión de licenzas e autorizacións relativas a transporte público, dentro da xestión ordinaria do departamento, no seu ámbito de competencia.

7.- Delégase a competencia da potestade sancionadora que poida corresponder á Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as dentro do ámbito material das súas competencias.

8.- Delégase tamén no concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia as resolucións sobre propostas de representación e defensa xurídica emanados da Asesoría Xurídica.

A delegación de competencias comprenderá as facultades de resolver os recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.

Todas estas delegacións enténdense efectuadas, salvo que por lexislación específica as competencias delegadas estean atribuídas a outro órgano municipal.

Nas notificacións das resolucións que diten os respectivos concelleiros delegados, farase constar esta circunstancia, de conformidade co que dispón o artigo 13.4 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP e PAC).

Esta delegación terá efectos dende a data de adopción do acordo correspondente.”

Decreto da Alcaldía, 16 de xuño de 2015:

Asunto: nomeamento membros da Xunta de Goberno Local e Tenentes de Alcalde.

“En base ás competencias que me outorga o artigo 126.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o artigo 40 do Regulamento Orgánico de Goberno e Administración do Concello de Santiago de Compostela

RESOLVO:

Primeiro: Nomear membros da Xunta de Goberno ós/as seguintes concelleiros/as:

DONA MARÍA ROZAS PÉREZ.

DON JORGE CARLOS DUARTE VÁZQUEZ.

DONA BRANCA PETRA NOVO REY.

DON XAN XESÚS DURO FERNÁNDEZ, que asumirá ás funcións de concelleiro-secretario.

DONA CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ.

Segundo: En base ás competencias que me outorga o artigo 125 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o artigo 50 do Regulamento Orgánico de Goberno e Administración do Concello de Santiago de Compostela,

RESOLVO:

Nomear **primeira tenente de alcalde** a **DONA MARÍA ROZAS PÉREZ.**

Nomear **segundo tenente de alcalde** a **DON JORGE CARLOS DUARTE VÁZQUEZ**.

Nomear **terceira tenente de alcalde** a **DONA BRANCA PETRA NOVO REY**.

Os Tenentes de Alcalde asumirán as funcións do Alcalde, por delegación expresa, nos supostos de ausencia, enfermidade ou impedimento legal.

No caso de ausencia por máis de vinte e catro horas e sen haber delegado, ou ante a imposibilidade de outorgala por causa imprevista, o Tenente de Alcalde correspondente substituirá ao Alcalde na totalidade das súas funcións, dando conta diso ao resto da Corporación.

O Tenente de Alcalde substituirá automaticamente ao Alcalde na Presidencia si durante a celebración dunha sesión debese absterse de intervir nalgún punto concreto da mesma, segundo o previsto no artigo 76 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

[Por concorrer algunha das causas recollidas na Lexislación de procedemento administrativo e de contratos das Administracións Públicas].

Terceiro: Desta resolución que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase aos interesados. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.”

Decreto da Alcaldía, 16 de xuño de 2015:

“Asunto: Nomeamento Concellerías Delegadas

Iniciada unha nova lexislatura na Corporación que tomou posesión o día 13.06.2015 e tratando de conseguir unha Administración ao servizo dos veciños/as do Concello e en exercizo da competencia que me outorga o artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e 31 e seguintes do Regulamento orgánico de goberno e administración do Concello de Santiago de Compostela (B.O.P. 6 de marzo de 2012)

RESOLVO:

Primeiro: Nomear **Delegados desta Alcaldía** aos/ás concelleiros/as que a seguir se relacionan, coas facultades de dirección e xestión dos servizos que ao final se sinalan:

CONCELLARÍA DE ECONOMÍA E FACENDA, con competencias en planificación económica e financeira, xestión tributaria, xestión orzamentaria e política fiscal a **dona MARÍA ROZAS PÉREZ**. Así mesmo, dentro do que indiquen as bases de execución do orzamento, corresponderanlle as seguintes competencias:

- Recoñecemento e liquidación de obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos.
- Ordenación de pagamentos, que inclúe a sinatura nos documentos nos que se formaliza o pago material.
- Competencias relativas ao exercizo da responsabilidade patrimonial que corresponden a esta Alcaldía previstas no título X da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como no Real decreto 429/93, do 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial.

CONCELLARÍA DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE, con competencias en urbanismo (planeamento, licenzas e disciplina urbanística, patrimonio), cidade histórica, vivenda, mobilidade, rehabilitación e proxectos e obras, a **don JORGE CARLOS DUARTE VÁZQUEZ**. Así mesmo deléganse as competencias seguintes:

- As outorgadas a esta alcaldía pola lexislación urbanística, así como as competencias relativas ao exercizo da potestade expropiatoria deste Concello e as que na súa representación corresponden a esta alcaldía en procedementos de expropiación forzosa doutras Administracións.
- A orde de expedición e visto e prace das certificacións que se xeneren no ámbito da súa Área, así como a sinatura dos actos de trámite que remitan desde esa concellaría e que non estean atribuídas especificamente a outros órganos.

CONCELLARÍA DE ACCIÓN CULTURAL, con competencias en Cultura (Auditorio de Galicia, Teatro Principal e Zona C), rede de Centros socioculturais e Festas, a **dona BRANCA PETRA NOVO REY**. Así como as competencias relativas á concesión de licenza para a entrada en funcionamento das instalacións eventuais, portátiles ou desmontables e en xeral para as pequenas diversións que se dean ao público, como feiras e verbenas, en barracas provisionais ou ao aire libre, cabaliños xiratorios, carruseis, columpios, tiro ao branco e similares.

CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA, con competencias en sustentabilidade (residuos sólidos urbanos, auga, enerxía, consumo, cimiterios), convivencia (Policía Local, Bombeiros e Protección Civil, Tráfico, Grúa e ORA), Parques e Xardíns, a don **XAN XESÚS DURO FERNÁNDEZ**. Deléganselle así mesmo as seguintes competencias:

- Sancionadora por infraccións cometidas en materia de Tráfico e Seguridade Vial nas vías urbanas deste Concello.
- De outorgamento das autorizacións e licenzas previstas no Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de armas e a competencia sancionadora das infraccións relacionadas coa aplicación da citada norma.
- Sancionadora das infraccións cometidas en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas previstas na lexislación de seguridade cidadán.
- Sancionadora das infraccións cometidas en materia de prevención de consumo de bebidas alcohólicas previstas na correspondente lexislación.

CONCELLARÍA DE POLÍTICAS SOCIAIS, DIVERSIDADE E SAÚDE, con competencias en políticas sociais, diversidade, economía social, maiores, saúde, UMAD, UAMI e cooperación, a dona **CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ**.

CONCELLARÍA DE EDUCACIÓN E CIDADANÍA, con competencias en Educación, Cidadanía e Dereitos Humanos, a don **MANUEL DIOS DIZ**.

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E TURISMO, con competencias en Igualdade, Promoción Económica, Emprego, Mercados, Comercio e Turismo, a dona **MARTA IRENE LOIS GONZÁLEZ**.

CONCELLARÍA DE MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL, con competencias en Medio Rural e Brigada de Vías e Obras, a don **RAFAEL PEÑA VIDAL**.

CONCELLARÍA DE MOCIDADE, DEPORTE E BENESTAR ANIMAL, con competencias en Xuventude, Deporte e as competencias que poidan corresponder a esta alcaldía na Fundación Refuxio de Animais, a dona **NOA MARÍA MORALES SÁNCHEZ**.

Segundo: A delegación da Alcaldía inclúe, de acordo co previsto no artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as seguintes competencias:

- Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos ou concellarías respectivas.
- Autorizar as actuacións e os gastos e pagamentos correspondentes dentro dos límites que estableza a Xunta de Goberno Local e as Bases de Execución do Orzamento.
- Organizar o funcionamento ordinario dos departamentos en aras a conseguir a optimización dos recursos materiais e humanos de acordo co establecido na relación de postos de traballo e na normativa aplicable.
- Propoñer a definición dos procesos de selección e dotación de persoal incluído no ámbito de responsabilidade da concellaría.
- Dirixir os actos ordinarios de trámite administrativo, ordenar a tramitación de expedientes e formular as propostas que corresponda resolver a calquera dos órganos do goberno municipais.
- Cada concelleiro/a terá delegación de sinatura para as competencias recollidas nos epígrafes anteriores, debendo dar conta á primeira Xunta de Goberno que se celebre de todas as resolucións asinadas polos/as concelleiros/as, así como para os acordos e convenios que correspondan á súa área con outras instancias ou entidades, logo da aprobación pola Xunta de Goberno Local cando non estea incluído nas súas competencias.
- No referente á sinatura dos actos derivados de competencias non delegadas nos/as concelleiros/as será efectuada polo Alcalde, titular ou accidental, polo/a Concelleiro de Espazos Cidadáns, dereito á vivenda e mobilidade ás relativas á concellaría sinalada, pola Concelleira de Economía e Facenda, ás relativas á citada concellaría, e con carácter xeral polos tenentes de alcalde. Aos tenentes de alcalde delégaselles a sinatura do visto e praxe nas certificacións expedidas agás as delegacións que poidan corresponder nesta materia a outra concellaría.
- A celebración de vodas.
- Delegar nos/as concelleiros/as das respectivas concellarías as facultades de representación desta alcaldía para a petición, tramitación e aceptación das subvencións convocadas por persoas xurídicas públicas ou privadas. Esta delegación non afecta ás competencias que nesta materia poidan estar atribuídas á Xunta de Goberno Local ou a outros órganos municipais.
- Delégase así mesmo a competencia da potestade sancionadora que poida corresponder a esta alcaldía nos concelleiros/as dentro do ámbito material das súas competencias.

A delegación de competencias comprenderá a facultade de resolver os recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.

As competencias non delegadas serán exercidas por esta alcaldía, indicándose a título simplifcativo Réxime Interno (Persoal, contratación, arquivo, innovación e informática), Lingua, Participación e relacións veciñais, Relacións institucionais e Portavocía da Xunta de Goberno.

Terceiro: Desta resolución, que entrará en vigor o día de hoxe, darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase aos interesados. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986, de 28 de novembro).”

Decreto da Alcaldía de 18 de xuño de 2015:

“Detectándose erro no decreto desta alcaldía de data 16 de xuño de 2015 relativo ao nomeamento de concellerías delegadas, procédese a corrección do mesmo, no senso de que no apartado **segundo** onde dí:

- Autorizar as actuacións e os gastos e pagamentos correspondentes dentro dos límites que estableza a Xunta de Goberno Local e as Bases de Execución do Orzamento.

Debe dicir:

- Autorizar as actuacións correspondentes dentro dos límites que estableza a Xunta de Goberno Local e as Bases de Execución do Orzamento.”

Decreto da Alcaldía de 18 de xuño de 2015:

“En base ás competencias que se me atribúen no artigo 125 e 126 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO

Que a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela celebre sesión de carácter ordinario unha vez por semana, os venres ás 9:30 horas, agás que coincida en día festivo, suposto no que se trasladará ao día hábil anterior á mesma hora.

Celebraranse sesións de carácter extraordinario de conformidade co establecido nas disposicións vixentes.

Ese decreto entrará en vigor no día de hoxe.”

Non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente a da por rematada sendo as 19:15 horas. Dou fe.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Martíño Noriega Sánchez

Fco. Javier Castiñeira Izquierdo